# INFORME ANUAL de SEGUIMENTO

## Título: Master en Xuventude e Socidade

## Curso Académico: 2011-12

## 1.- DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

| DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación do título | Máster Universitario en Xuventude e Sociedade |
| Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC) | ID Verifica: .3977/2010<br>ID Ministerio: 4312585 |
| Rama de coñecemento | Ciencias Sociais e Xurídicas |
| Universidade solicitante | Universidade de Santiago de Compostela |
| Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto | Departamento de Socioloxía |
| Centro/s onde se imparte o título | Facultade de Ciencias Políticas e Sociais |
| No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s | |
| Responsable do título | María Antonia Arias (Coordinadora) |
| Correo electrónico do responsable do título | mantonia.arias@usc.es |
| Curso de implantación do título | 2011-2012 |
| Data última acreditación | 29/07/2010 |

## 2.- INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DO TÍTULO

| CRITERIO | INFORMACIÓN PÚBLICA | WEB, ENLACES, APLICACIÓNS,... |
|---|---|---|
| **Descrición do título** | Denominación<br>Rama de coñecemento<br>Universidade solicitante<br>Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título, ou no seu caso, departamento ou instituto<br>Centro/s onde se imparte o título<br>No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s<br>Tipo de ensinanza<br>Rexime de estudo<br>Periodicidade da oferta<br>Número de plazas de novo ingreso ofertadas<br>Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante e periodo lectivo<br>Normas de permanencia<br>Información sobre a expedición do Suplemento Europeo ao Título<br>Responsable do título<br>Coordinador do título<br>Data da autorización da implantación do título pola Xunta de Galicia<br>Data publicación BOE<br>Data última acreditación<br>Memoria vixente do título<br>Informe final de avaliación previo á verificación | Enlace á memoria:<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/departamentos/socinpoadg/descargas/Memoria_Master.pdf<br><br>Enlace á web propia:<br>http://www.usc.es/gl/departamentos/socinpoadg/master.html<br><br>Enlace á convocatoria de matrícula:<br>http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/matricula/mastoficial.html<br><br>Enlace ás Normas de permanencia da USC:<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/Normas_permanencia_master01_cast_gall.pdf<br><br>Información sobre a expedición do Suplemento Europeo ao Título:<br>http://www.usc.es/sxa/index.php?vista=normativa&submenu=normas&accion=listado&noticias=no&entrada=56<br><br>Enlace ao máster:<br>http://www.usc.es/gl/centros/politicas/titulacions.html?plan=13163&estudio=13164&codEstudio=12752&valor=9 |
| **Xustificación** | Xustificación do título proposto, argumentando o seu interese académico, científico ou profesional<br>Referentes externos á Universidade<br>Descrición dos procedementos de consulta internos e externos utilizados para a elaboración do plan de estudos<br>Procedemento documentado para o establecemento, revisión e actualización da política e os obxectivos da calidade<br>Política de calidade<br>Obxectivos de calidade<br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | Enlace á memoria:<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/departamentos/socinpoadg/descargas/Memoria_Master.pdf<br><br>Enlace ao máster:<br>http://www.usc.es/gl/centros/politicas/titulacions.html?plan=13163&estudio=13164&codEstudio=12752&valor=9<br><br>Enlace á web propia:<br>http://www.usc.es/gl/departamentos/socinpoadg/master.html<br><br>Enlace ao SGIC do centro:<br>http://www.usc.es/gl/centros/politicas/SGIC.html |
| **Competencias Obxectivos** | Obxectivos do título<br>Competencias xerais que os estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título<br>Competencias específicas que os estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título<br>Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos<br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | Enlace á memoria:<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/departamentos/socinpoadg/descargas/Memoria_Master.pdf<br><br>Enlace ao máster:<br>http://www.usc.es/gl/centros/politicas/titulacions.html?plan=13163&estudio=13164&codEstudio=12752&valor=9<br><br>Enlace á web propia:<br>http://www.usc.es/gl/departamentos/socinpoadg/master.html |

| | | |
|---|---|---|
| **Acceso e admisión de estudantes** | Demanda<br>Matrícula<br>Información previa á matriculación sobre acceso e admisión (criterios de acceso e admisión)<br>Procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso<br>Condicións ou probas de acceso especiais, se existen<br>Información sobre o apoio e orientación aos estudantes<br>Información sobre a transferencia e recoñecemento de créditos<br>Información sobre el curso puente ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe<br>Información sobre os complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso<br>Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes<br>Procedemento documentado para a orientación aos estudantes<br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | Enlace á páxina cos datos de calidade:<br>http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datoscalidade.html<br><br>Enlace á páxina de admisión do SXA:<br>http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/matricula/masteroficial.html<br><br>Enlace á memoria:<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/departamentos/socinpoadg/descargas/Memoria_Master.pdf<br><br>Enlace á web propia:<br>http://www.usc.es/gl/departamentos/socinpoadg/master.html<br><br>Enlace á páxina web onde aparece a normativa de transferencia de créditos da USC:<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/normatransferrecocreditostituEEES.pdf<br><br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/2011_04_15_RR_reconecemento_grao_master.pdf<br><br>Enlace ao SGIC do centro:<br>http://www.usc.es/gl/centros/politicas/SGIC.html |
| **Planificación das ensinanzas** | Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo<br>Distribución temporal<br>Horarios<br>Mecanismos de coordinación docente<br>Infraestruturas<br>Guías docentes/Programación docente<br>Sistema de avaliación<br>Traballo fin de grao/máster (Comisión, convocatorias, etc.)<br>Procedemento documentado para a planificación e desenvolvemento da ensinanza<br>Procedemento documentado para a revisión e mellora do título<br>Procedemento documentado da oferta formativa<br>Composición, funcións e responsabilidades da comisión académica do título<br>Criterios de suspensión do título<br>Desenvolvemento da ensinanza<br>Procedemento documentado para a suspensión do título<br>Procedemento documentado para a xestión de incidencias, reclamacións e suxestións<br>Procedemento documentado para a expedición de títulos oficiais<br>Perfil de ingreso recomendado<br>Perfil de egreso<br>Normativa académica do curso<br>Baremo empregado no proceso de admisión<br>Calendario de pre-inscripción<br>Listados de admitidos/excluidos (provisional, definitivo) | Enlace ao máster:<br>http://www.usc.es/gl/centros/politicas/titulacions.html?plan=13163&estudio=13164&codEstudio=12752&valor=9<br><br>Enlace á memoria:<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/departamentos/socinpoadg/descargas/Memoria_Master.pdf<br><br>Enlace á web propia:<br>http://www.usc.es/gl/departamentos/socinpoadg/master.html<br><br>Enlace ao SGIC do centro:<br>http://www.usc.es/gl/centros/politicas/SGIC.html<br><br>Enlaces á normativa sobre estudos de posgrao:<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/rglestudosoficiaisposgrao.pdf (Regulamento dos estudos de posgrao)<br><br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/rrdesreguestudosposgrao.pdf (R.R. do 2/4/2007 que desenvolve o regulamento de estudos oficiais de posgrao)<br><br>Enlace á páxina de títulos do SXA:<br>http://www.usc.es/sxa/index.php?vista=titulos<br><br>Enlace á convocatoria de matrícula de 2012-13:<br>http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/matricula/masteroficial.html<br><br>Enlace á páxina con información sobre o seguro |

| | | |
|---|---|---|
| | Información sobre o seguro escolar<br>Información sobre o servizo de asesoramento e promoción do estudante<br>Información sobre o servizo de apoio ao emprego<br>Información sobre cursos a estudantes<br>Información sobre actividades culturais, deportivas e de voluntariado<br>Información sobre a mobilidade<br>Información sobre as prácticas externas, se as houbese<br>Información sobre o plan de acción titorial<br>Normativa académica<br>Procedemento documentado dos perfís de ingreso/egreso e captación de estudantes<br>Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes<br>Procedemento documentado de orientación aos estudantes<br>Procedemento documentado de mobilidade dos estudantes<br>Procedemento documentado de prácticas externas, se as houbese<br>Procedemento documentado de orientación profesional<br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | escolar:<br>http://www.usc.es/es/servizos/oiu/seguro_escolar.html<br><br>Enlace á páxina da Oficina de Información Universitaria:<br>http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/<br><br>Enlace á páxina con información sobre o servizo de apoio ao emprego:<br>http://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/<br><br>Enlace á Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua:<br>http://www.usc.es/gl/goberno/vrestudantes/<br><br>Enlace á Oficina de Relacións Exteriores:<br>http://www.usc.es/gl/servizos/ore/<br><br>Enlace ás normas de Xestión Académica:<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/normasxestionacademica.pdf |
| **Recursos humanos** | Descrición do profesorado<br>Descrición de outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos<br>Procedemento documentado da política do PDI e PAS<br>Procedemento documentado da xestión do PDI e PAS (captación, selección, formación, avaliación)<br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | Enlace á memoria:<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/departamentos/socinpoadg/descargas/Memoria_Master.pdf<br><br>Enlace ao Servizo de PDI:<br>http://www1.usc.es/webvprof/inicio.asp<br><br>Enlace ao Servizo de Xestión de Persoal:<br>http://www1.usc.es/persoal/welcome.htm<br><br>Enlace ao SGIC do centro:<br>http://www.usc.es/gl/centros/politicas/SGIC.html |
| **Recursos materiais e servizos** | Aulas e seminarios<br>Espazo do persoal académico<br>Laboratorios<br>Salas de informatica<br>Salas de estudo<br>Outros espazos para os estudantes<br>Biblioteca<br>Servizos dispoñibles<br>Espazos para os representantes de estudantes<br>Outros equipamentos<br>Procedemento documentado da xestión dos recursos materiais<br>Procedemento documentado sobre a xestión dos servizos<br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | Enlace á memoria:<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/departamentos/socinpoadg/descargas/Memoria_Master.pdf<br><br>Enlace á páxina web do centro:<br>http://www.usc.es/gl/centros/politicas/index.html<br><br>Enlace ao SGIC do centro:<br>http://www.usc.es/gl/centros/politicas/SGIC.html |

| | | |
|---|---|---|
| **Resultados previstos** | Taxa de rendemento<br>Taxa de abandono<br>Taxa de eficiencia<br>Taxa de graduación<br>Outras taxas que o título fai públicas (SGIC)<br>Taxas de inserción laboral<br>Procedemento documentado para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos estudantes<br>Procedemento documentado de satisfacción, expectativas e necesidades<br>Procedemento documentado para a avaliación do aprendizaxe<br>Procedemento documentado para o control de resultados académicos<br>Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos<br>Procedemento documentado de información pública<br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | Enlace á páxina cos datos de calidade:<br>http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datoscalidade.html<br><br>Enlace ao SGIC do centro:<br>http://www.usc.es/gl/centros/politicas/SGIC.html |
| **Sistema de garantía da calidade** | Órgano responsable do sistema de garantía da calidade do título<br>De ser o caso, planificación estratéxica<br>Procedementos documentados de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado<br>Procedementos documentados para garantizar a calidade das prácticas externas e os programas de mobilidade<br>Procedementos documentados de análise da inserción laboral dos graduados e da satisfacción coa formación recibida<br>Procedemento documentado para o análise da satisfacción dos distintos colectivos implicados (estudantes, persoal académico e de administración e servizos, etc.)<br>Procedemento documentado para o análise e atención ás suxestións ou reclamacións<br>Procedemento documentado de suspensión/extinción do título<br>Manual do SGIC<br>Informe final de certificación do SGIC<br>Listado de documentos en vigor do SGIC<br>Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | Enlace ao SGIC do centro:<br>http://www.usc.es/gl/centros/politicas/SGIC.html<br><br>Enlace á Vicerreitoría de Calidade:<br>http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/<br><br>Enlace á Oficina de Análise de Reclamacións (OAR):<br>http://www.usc.es/gl/servizos/oar/ |
| **Calendario de implantación** | Cronograma de implantación do título<br>Información sobre a adaptación, no seu caso, dos estudantes dos estudos existentes ao novo plan de estudos<br>Ensinanzas que se extinguen pola implantación do correspondente título proposto | Enlace ao máster:<br>http://www.usc.es/gl/centros/politicas/titulacions.html?plan=13163&estudio=13164&codEstudio=12752&valor=9<br><br>Non houbo ningún tipo de adaptación de estudos xa existentes.<br><br>Non se extinguiu ningunha titulación pola implantación do título |

## 3.- VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO E OS RESULTADOS OBTIDOS, DETECCIÓN DE BOAS PRÁCTICAS, DESVIACIÓNS E TOMA DE DECISIÓNS.

| Descrición do título | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **X** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

A valoración que facemos deste criterio é suficiente. As razóns desta valoración son dúas:

a) O número total de estudantes matriculados no curso de implantación do título (2011-2012) foi de 17. Consideramos que este dato é satisfactorio, a pesar de non ter esgotado o total de prazas de novo ingreso ofertadas, que eran 25.

b) A Memoria do Máster establecía un cupo de 10 prazas para profesionais da xestión pública de asuntos xuvenís, e somentes 2 dos estudantes matriculados no curso 2011-2012 tiñan este perfil.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Ningunha para este criterio

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Publicitar o Máster entre profesionais da xestión pública a fin de esgotar o número total de prazas ofertadas (25) e especialmente o cupo de 10 prazas previsto para profesionais da xestión pública de asuntos xuvenís.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Aproveitar a colaboración coa Xunta de Galicia para a realización das prácticas externas nos servizos de información e documentación xuvenís para dar máis difusión á oferta formativa do Máster entre os empregados públicos do ámbito autonómico. | Cubrir as 25 prazas de novo ingreso captando un número maior de estudantes traballadores na xestión pública en asuntos xuvenís, ata acadar o número de 10 prazas reservadas para este perfil de estudante. |

## Xustificación

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **X** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

A valoración que facemos deste criterio é satisfactoria.

A razón desta valoración é o cumprimento dos obxectivos académicos propostos na Memoria do Máster, que coa súa dobre orientación (investigadora e profesional) pretende dar unha formación que permita formar profesionais capaces de coñecer a realidade da poboación xuvenil co rigor científico da investigación sociolóxica como fundamento para o deseño de políticas públicas específicas, a súa xestión e avaliación.

Á espera de poder analizar no ano 2013 o dato da satisfacción dos egresados no ano 2012 (o primeiro curso de implantación do Máster é o 2011-2012) a través da enquisa que facilita a Universidade no momento de facer o depósito do título, temos en conta con carácter preliminar e orientativo a satisfacción da Xunta de Galicia cos coñecementos académicos, competencias, habilidades e destrezas acreditadas por parte dos estudantes nas prácticas externas en distintos departamentos e unidades da Administración autonómica.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Seguimento e titorización individualizados de cada estudante por parte da coordinación do Máster co obxectivo de facilitar a adaptación curricular e optimizar a orientación profesional.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Ningunha para este criterio

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Non procede | Non procede |

## Competencias / Obxectivos

*Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| **Satisfactoria** | **X** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

A valoración que facemos deste criterio é satisfactoria.

Aínda que estamos avaliando o primeiro ano de implantación do Máster, e non dispomos de datos obxectivos de éxito na profesionalización dos estudantes, o nivel de satisfacción dos responsables dos distintos departamentos e unidades da Administración autonómica no que realizaron as súas prácticas externas é óptimo.

Convén ter en conta que a taxa de participación en prácticas en empresas e institucións do Máster e do 100%.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Ningunha para este criterio

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Ningunha para este criterio

| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
|---|---|
| Non procede | Non procede |

| Acceso e admisión de estudantes | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **X** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

A valoración que facemos deste criterio é suficiente. As razóns desta valoración son cinco:

a) Os sistemas de información previa á matriculación para difundir a oferta formativa e o proceso de matriculación entre potencias estudiantes previstos na Memoria do Máster funcionaron satisfactoriamente.

b) Só se cubriron 17 das 25 prazas ofertadas.

c) Unicamente 2 estudantes accederon con experiencia profesional no eido da xestión de asuntos xuvenís, cando a Memoria establecía un cupo de 10.

d) Só un dos estudantes foi extracomunitario, cando a Memoria fixaba unha reserva de 5 prazas.

e) A mobilidade allea ou de destino foi nula, tanto de estudantes Sócrates-Erasmus no Espazo Europeo de Ensino Superior (EEES) coma de potenciais estudantes de fóra do EEES que accederían ao Máster ao abeiro doutros convenios de mobilidade.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Ningunha para este criterio

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Incrementar as posibilidades de acceso e o sistema de información previa á matriculación relativos ao cupo de estudantes extracomunitarios e de mobilidade dentro e fora do Espazo Europeo de Ensino Superior.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Promover a sinatura de convenios para o intercambio de estudantes deste Máster, e enviar información detallada ás novas universidades socias sobre os contidos e a metodoloxía formativa do título. | Mellorar a mobilidade allea é unha ferramenta interesante para cubrir o total de prazas ofertadas; namentres que informar millor fóra do EEES a potenciais estudantes é unha forma de acadar o número de 5 estudantes estracomunitarios que prevé a Memoria do título. |

| Planificación das ensinanzas | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de “Planificación das ensinanzas” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de “Planificación da ensinanza”, “Garantía da calidade dos programas formativos” e “Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe” do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **X** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

A valoración que facemos deste criterio é satisfactoria. As razóns desta valoración son dúas:

a) A distribución transversal da dobre vertente (profesional e investigadora) na que se basea o Máster, que procura que a adquisición de competencias xerais e específicas se realice de modo integral vencellando a práctica profesional e a investigadora, foi moi ben valorada no primeiro ano de implantación do título tanto polos estudantes como pola Xunta de Galicia (entidade colaboradora no programa de prácticas externas).

b) A asignación, dunha oferta total de 60 créditos, de 12 créditos ás Prácticas externas e de 12 créditos ao Traballo fin de Máster foi moi ben recibida tanto polos estudantes como polos profesores do Máster pola súa adecuación aos obxectivos do título e ás competencias xerais e específicas que deben adquirir os egresados.

**BOAS PRÁCTICAS:**

A Comisión Académica do Máster estableceu uns criterios que facilitan aos alumnos e alumnas cursar ata 6 créditos de xeito non presencial. O obxectivo é facilitar a conciliación entre o sistema de ensino-aprendizaxe do Máster e a vida profesional e persoal dos estudantes traballadores e/ou con responsabilidades familiares.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Ningunha para este criterio

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Non procede | Non procede |

| Recursos humanos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **X** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

A valoración que facemos deste criterio é satisfactoria. As razóns desta valoración son dúas:

a) A porcentaxe de PDI a tempo completo con sexenios por PDI a tempo completo con quinquenios que impartiu docencia no título no curso de implantación (2011-2012), foi do 66,7%.

b) A porcentaxe de PDI a tempo completo funcionario que impartiu docencia no Máster neste curso foi do 88,9%.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Profesionais de recoñecido prestixio na xestión pública de asuntos xuvenís foron invitados a participar na docencia de materias obrigatorias do título.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Ningunha para este criterio

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Non procede | Non procede |

| Recursos materiais e servizos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **X** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

A valoración que facemos deste criterio é suficiente. As razóns desta valoración son dúas:

a) Con carácter xeral, os recursos materias e servizos que a Facultade de Ciencias Políticas e Sociais pon a disposición do Máster son satisfactorios.

b) Particularmente, o mantemento dos ordenadores da aula de informática é mellorable.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Ningunha para este criterio

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Mellorar o estado de conservación dos ordenadores da aula de informática

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Solicitar ao Decanato do Centro no que se imparte o Máster que reclame melloras na xestión da aula de informática para optimizar o estado de conservación dos ordenadores. | As fallas no mantemento dos equipos informáticos obrigan a perder demasiado tempo ao inicio das sesións desenvolvidas na aula de informática. |

| Resultados previstos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **X** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

A valoración que facemos deste criterio é satisfactoria. Esta valoración é o resultado da reflexión crítica sobre os seguintes datos correspondentes ao curso de implantación do título (2011-2012):

a) As taxa de rendemento e de avaliación no curso de implantación do título son ambas do 85,2; a taxa de éxito é do 100%.

b) A duración media dos estudos é de 1 ano, coincidente cos resultados previstos na Memoria do Máster, polo que a taxa de efcienia dos graduados é do 100%.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Ningunha para este criterio

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Ningunha para este criterio

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Non procede | Non procede |

| Sistema de garantía da calidade | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **X** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

A valoración que facemos deste criterio é satisfactoria. A razón desta valoración é que o sistema de garantía de calidade funcionou dacordo coas previsións da Memoria, singularmente no que respecta a dous aspectos:

a) a comunicación tanto coa Vicerreitoría competente da Universidade de Santiago como coa Comisión de Calidade do Centro no que se imparte a docencia do Máster, foi óptima.

b) os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado. A satisfacción do estudantado coa docencia recibida no curso de implantación do título foi de 3,49 sobre 5.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Ningunha para este criterio

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Ningunha para este criterio

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Non procede | Non procede |

## Calendario de implantación

*Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **X** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

A valoración que facemos deste criterio é suficiente. A razón desta valoración é o adiamento un ano do calendario de implantación previsto na Memoria do título, que establecía como curso de implantación do Máster o ano académico 2010-2011.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Consideramos unha boa práctica a decisión de adiar un ano o inicio efectivo do calendario de implantación do Máster para facilitar o cumprimento do resto de previsións da Memoria e garantir así a satisfacción dos alumnos e alumnas coa oferta docente.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Ningunha para este criterio

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| Non procede | Non procede |

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## 4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO.

| INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe final** | **Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)** |
| | |
| | |
| | |

| INFORMES DE SEGUIMENTO (indicar o ano) | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe de seguimento** | **Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)** |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |